



Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental



Sr. Alcalde do Concello de Moraña
 Santa Lucía-Rúa 1,2.
 36660 Moraña (Pontevedra)



ASUNTO: Comunicación de inicio do procedemento de AAE
PLAN: Plan xeral de ordenación municipal
ÓRGANO PROMOTOR: Concello de Moraña (Pontevedra)
CLAVE: 2010AAE0323

En cumprimento da disposición transitoria primeira da *Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia*, todos os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data de 21 de abril de 2010 deberán adaptarse plenamente a ela. A tales efectos, o Concello remite unha addenda ao documento de inicio presentado o 29 de xaneiro de 2009, dando cumprimento ao establecido no artigo 84.4 da LOUG en relación ao contido de anteproxecto de planeamento ou documento de inicio para a tramitación do PXOM.

A addenda, presentada nesta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o 29 de xullo de 2010, inclúe un estudo detallado do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional, así como a descrición e avaliación do sistema de núcleos proposto. A documentación relativa ao contido, e obxectivos, propostas e alternativas, avaliación do desenvolvemento previsible, efectos ambientais previsibles e que se prevexa poidan ter sobre os elementos estratéxicos do territorio, a planificación sectorial e territorial implicada e as normas aplicables, enténdese por parte desta Secretaría Xeral os contidos no Documento de Inicio de 2009 como válidos.

Polo tanto, a través da presente, comunícolle formalmente o inicio do procedemento de AAE do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Moraña, deixando sen validez o Documento de referencia emitido o 16 de abril de 2009.

Conforme establece a Lei 9/2006, para a elaboración do DR é preciso contar coa opinión das autoridades con responsabilidades que poidan ser afectadas, así como das organizacións e outros axentes interesados. Comunícolle a tales efectos que está exposta na nosa páxina web unha copia da documentación presentada para o seu exame, e para que, durante 30 días naturais, se formulen as observacións pertinentes que deban ser consideradas á hora da elaboración do DR. Este documento establecerá as pautas e criterios a ter en conta no proceso de AAE.

Prégolle dea a máxima difusión deste escrito no seu Concello.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2010
 O Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental

Asdo.: Carlos Calzadilla Bouso
 página 1 de 1

